



**Comité Intercentros
Universidade de Vigo**

Nº Rexistro: UVIGO 1101 Nº 200300006945
9/12/03

O pleno do Comité Intercentros da Universidade de Vigo acordou, na reunión celebrada o día 20 de novembro de 2003, solicitar que os contratos de persoal administrativo se fagan como funcionarios interinos, e non como persoal laboral tal e como se están a facer agora mesmo.

En distintas ocasións membros do Comité Intercentros teñen exposto esta petición, no só a vostede senón tamén o xerente anterior. O asunto tamén se tratou na Comisión de Emprego e, o estar de acordo tamén a Xunta de Persoal Funcionario do Persoal de administración, e non existir posición en contra da empresa, todo parecía indicar que, trala toma de posesión dos/ funcionarios/as auxiliares administrativos provenientes da última oposición, as contratacións feitas da lista de agarda resultante ían ser de carácter administrativo.

Esta situación non impediría que cando a persoa que lle corresponde por lista de agarda ocupar un posto, teña a condición de laboral fixo, poida acceder a el mediante unha Resolución Xerencial de carácter temporal de cambio de categoría.

Se volvemos a insistir, agora a través do órgano unitario de representación, nesta petición é porque consideramos que é a mellor solución, no só para os traballadores/as, senón tamén, para a Universidade.

Vigo, 6 de novembro de 2003.
O PRESIDENTE DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Cándido Pérez Betanzos

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO